



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 22 DE DECEMBRO DE 2014.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas do día vinte e dous de decembro de dous mil catorce, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez
- D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Miguel Ángel Español Otero

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta do único asunto que conforma a orde do día que é o seguinte:

**PUNTO ÚNICO. APROBACIÓN ORZAMENTO 2015.**

Sometido ó Pleno do Concello da Guarda o acordo de aprobación inicial do orzamento do Concello da Guarda, que inclúe o orzamento do Padroado Monte Santa Trega correspondente ó exercicio 2015, sen que alcanzara en primeira votación a maioría necesaria para a súa aprobación, en aplicación da Disposición Adicional 16<sup>a</sup> da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, **a Xunta de Goberno Local do Concello da Guarda adopta o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** Aprobar inicialmente o Orzamento Consolidado do Concello de A Guarda para o exercicio económico do ano 2015 que ascende á cantidade de **SEIS MILLÓNS DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS MIL SEISCENTOS VINTE E DOUS EUROS (6.256.622,00 €)**, as súas bases de execución, o anexo de persoal, o anexo de inversións, e demais documentación engadida no expediente.

A aprobación do orzamento consolidado supón a aprobación do orzamento do Concello de A Guarda para o exercicio económico 2015 por importe de **SEIS MILLONS SETENTA E CATRO MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS (6.074.122,00 €)** e a aprobación do orzamento do Padroado Municipal para o exercicio económico 2015 por importe de **CENTO OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (182.500,00€)**.

A aprobación do orzamento do Concello de acordo co seguinte resumo:



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## ESTADO DE GASTOS

## ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS	CAP	DENOMINACIÓN	EUROS
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CORRENTES</b>	
1	Gastos de Persoal	2.510.990,96	1	Impostos directos	1.417.034,78
2	Gastos en bens Correntes	2.701.255,24	2	Impostos indirectos	55.620,00
3	Gastos financeiros	13.000,00	3	Taxas	1.516.808,80
4	Transferencias	365.526,13	4	Transferencias	2.744.541,25
5			5	Ingresos patrimon.	22.000,00
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CAPITAL</b>	
6	Inversións Reais	324.349,67	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	2.000,00	7	Transf. capital	312.117,17
8	Activos financeiros	6.000,00	8	Activos financeiros	6.000,00
9	Pasivos financeiros	151.000,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>6.074.122,00</b>		<b>TOTAL</b>	<b>6.074.122,00</b>

A aprobación do orzamento do Padroado de acordo con seguinte resumo:

## ESTADO DE GASTOS

## ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DENOMINACIÓN	EUROS	CAP	DENOMINACIÓN	EUROS
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CORRENTES</b>	
1	Gastos de Persoal	88.219,72	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens Correntes	37.900,00	2	Impostos indirect.	0,00
3	Gastos financeiros	200,00	3	Taxas	179.000,00
4	Transferencias	0,00	4	Transferencias	0,00
5			5	Ingresos patrimon.	3.500,00
	<b>OPERACIÓNS</b>			<b>CAPITAL</b>	
6	Inversións	56.180,28	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	0,00	7	Transf. capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	<b>TOTAL</b>	<b>182.500,00</b>		<b>TOTAL</b>	<b>182.500,00</b>



**CONCELLO  
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**SEGUNDO:** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ó público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que durante o prazo de quince días hábiles, os interesados indicados no artigo 22.1 do R.D. 500/90 poderán examinalo e formular as reclamacións a que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**TERCEIRO:** O Orzamento considerase definitivamente aprobado se durante o período citado non se presentaran reclamacións, entrando en vigor, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resume por capítulos do mesmo.

**CUARTO:** Remitir copia do Orzamento aprobado aos órganos competentes do Estado e Comunidade Autónoma.

*Sendo as dez horas e quince minutos do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*